

FOLIADA

DINME QUE ME HEI DE PERDERE,
POR NON CALARLLE A NINGUÉN.
E O ESTAR CALADO ACABOUSE,
XA TEMPO LLE ERA TAMÉN!

**ARRIMAR, ARRIMEIME,
FUNME ARRIMANDO.
Á CRIADA DO CURA
COMINLLE O CALDO.
COMINLLE O CALDO NENA,
COMINLLE O CALDO.
ARRIMAR, ARRIMEIME,
FUNME ARRIMANDO.**

NON QUERO BERZAS CON UNTO,
NIN NABIZAS CON ACEITE.
NIN QUERO MUXI-LA VACA
E QUE OUTROS BEBAN O LEITE.

RETROUSO

UN GATO CUN EMPRESARIO
CAÍRON XUNTOS NUN POZO,
E COMO OS DOUS TIÑAN UÑAS,
RABÚÑARONSE O PESCOZO.

RETROUSO

A EDUCACIÓN VAI PRA ADIANTE,
CHEGA PRA TODOS IGUAL-E.
ÓS NENOS DO CAMPO DINLLES:
VIVA O TRABALLO MANUAL-E!

RETROUSO

OS CACIQUES BEN PROMETEN,
MOITO PROMETEN E BEN-E.
CON PALABRAS DE CACIQUES,
A XENTE NON SE MANTÉN-E.

RETROUSO

DEIXAI QUE ENTRE A
CRARIDADE,
ABRIDE PORTA E BALCÓN!
ACABA-LA NOSA NOITE,
É COUSA DE TODOS NÓS!

RETROUSO

PRA GOBERNARE ISTE MUNDO
FAI FALLA MOITO CARBALLO.
E NESTA TERRA GALEGA,
HAI CARBALLEIRAS A ESGALLO.

RETROUSO